

ANEXO VII

PROTOCOLO FUNCIONAMIENTO COMEDOR ESCOLAR

CURSO 2023-2024

CEIP PLURILINGÜE VIRXE DO MAR
Rúa Illas Cíes, nº 2
15570 Narón- A Coruña
Tfno: 881 93 03 83
ceip.virxedomar@edu.xunta.es

Contenido

1.-	INTRODUCCIÓN	2
2.-	MODALIDADE DE PRESTACIÓN DO SERVIZO E CLASIFICACIÓN.	2
3.-	CALENDARIO E HORARIOS DE FUNCIONAMENTO.....	3
4.-	NÚMERO DE COMENSAIS E USUARIOS.....	3
5.-	PLANOS, DEPENDENCIAS E MOBILIARIO.	3
6.-	ACTIVIDADES EDUCATIVAS PROGRAMADAS DURANTE A QUENDA DE COMEDOR.	4
7.-	ATENCIÓN AO ALUMNADO USUARIO DO SERVIZO	4
8.-	REGULAMENTO DE ACTUACIÓNS	6
8.1.-	DEREITOS E DEBERES.....	6
8.2.-	MENÚS	6
8.3.-	HIXIENE E SEGURANZA.....	7
8.4.-	NORMAS DE CONVIVENCIA NO COMEDOR.....	8
8.5.-	QUENDAS DO COMEDOR	10
8.6.-	RECOLLIDA DO ALUMNADO	10
9.-	ATRIBUCIÓNS.....	11
9.1.-	CONSELLO ESCOLAR.....	11
9.2.-	DIRECTOR/A DO CENTRO.....	12
10.-	AVALIACIÓN.....	13

1.- INTRODUCCIÓN

Este protocolo é parte integrante do NOF (Normas de Organización e Funcionamento) do centro e, segundo a normativa vixente, recolle as directrices de organización e funcionamento do servizo de comedor. A normativa de aplicación para a elaboración deste protocolo é a seguinte:

- Decreto 132/2013 do 1 de agosto de 2013 polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos.
- Orde do 21 de febreiro de 2007 (DOG do 05 de marzo de 2007)
- Orde do 13 de xuño de 2008
- Instrución 3/2023 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 1 de xuño, sobre o funcionamento dos comedores escolares de xestión indirecta no curso 2023/2024.

A referida normativa contempla o comedor escolar como un servizo educativo de carácter complementario de tal xeito que a súa organización, desenvolvemento e avaliación estará recollida no presente documento e formará parte da Programación Xeral Anual do centro. Dito documento será ratificado e avaliado polo Consello Escolar e as conclusións sobre o seu funcionamento figurarán na Memoria final do curso.

Enténdese como servizo de comedor os servizos de xantar e de atención aos usuarios no período de tempo libre posterior nos cales se fomentará a posta en práctica de programas de promoción da saúde, hábitos alimentarios e habilidades persoais.

2.- MODALIDADE DE PRESTACIÓN DO SERVIZO E CLASIFICACIÓN.

A modalidade de prestación do servizo do comedor do CEIP Plurilingüe Virxe do Mar é a de xestión indirecta da Consellería de Educación mediante a contratación cunha empresa de restauración da elaboración dos menús e do seu transporte, así como do servizo ás mesas, a atención dos alumnos comensais e a limpeza do comedor.

A empresa subministradora do servizo é JARDANAY

A categoría do comedor escolar é tipo A (ata 91 comensais), tendo autorizadas este curso escolar 86 prazas.

3.- CALENDARIO E HORARIOS DE FUNCIONAMENTO.

Servizo de xantar: de 13:50 a 16:00

Calendario: de luns a venres desde o 11 de setembro de 2023 ata o 21 de xuño de 2024, ámbolos dous inclusive.

4.- NÚMERO DE COMENSAIS E USUARIOS.

Actualmente temos autorizadas pola Consellería de Educación 86 prazas incluíndo a praza da Directora do Centro ou persoa en que delegue; foron reducidas, por non utilizar todas as prazas, e ser necesarias noutros centros do concello de Narón.

Este curso escolar todo o alumnado que solicitou praza no comedor obtivo unha vacante.

Para un correcto funcionamento do comedor e maior aproveitamento do mesmo é necesario que os pai/nais do alumnado que obtivo praza comunique con antelación suficiente (o día anterior ou, como moi tarde, o mesmo día antes das 09:45 h.) se non vai a facer uso dela. En calquera caso, non se poderá superar o límite de prazas legalmente establecido para cada día.

Tal e como establece a Instrución 3/2023 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 1 de xuño, sobre o funcionamento dos comedores escolares de xestión indirecta no curso 2023/2024, os usuarios poden causar baixa por:

- Non estar ao corrente dos pagos: non se poderá facer uso do comedor mentres non se regularicen os pagos pendentes.
- Non asistir durante un mes de xeito continuado coa frecuencia solicitada agás causas debidamente xustificadas ante a Dirección do centro. Causará baixa automática.
- Usuarios que en tres ocasións non comuniquen a súa ausencia, poderán ser suspendidos pola dirección do dereito ao uso do servizo durante 10 días.

5.- PLANOS, DEPENDENCIAS E MOBILIARIO.

Superficie total : 70,83 metros cadrados.

Dependencias: O comedor escolar está situado na 1º planta do colexio.

Mobiliario: mesas de comedor e bancos para alumnado de infantil, mesas de comedor e cadeiras para alumnado de primaria, un microondas, un frigorífico, 1 aparador de rango para

gardar os enseres de cociña, 1 carro transporta comida e dúas mesas grandes nas que depositar as bandexas para servir, un armario, un fregadeiro con instalación de auga fría e quente, un secamáns e unha fonte.

6.- ACTIVIDADES EDUCATIVAS PROGRAMADAS DURANTE A QUENDA DE COMEDOR.

Segundo figura no prego de prescricións administrativas e técnicas enviado ao centro pola Consellería no mes de setembro de 2017, a empresa adxudicataria ten que levar a cabo un programa de promoción da saúde, promoción de hábitos alimentarios saudables e desenvolvemento das habilidades persoais do alumnado.

No día a día, as monitoras traballan:

- Hábitos saudables, educar nunha alimentación equilibrada.
- Nutrición e habilidades persoais na mesa.
- Promoven a reciclaxe.
- Fomentan a cooperación e potencian a igualdade e o respecto.

7.- ATENCIÓN AO ALUMNADO USUARIO DO SERVIZO

Para atender ao alumnado no tempo da comida e no tempo de lecer posterior a esta, a empresa subministradora do catering contratada pola Consellería competente en materia de educación proporcionará ao centro catro monitoras ou coidadoras . A ratio establece que haberá un coidador/ a por cada 15 alumnos/as de educación infantil ou fracción e outro por cada 30 de primaria ou fracción. Estas persoas deberán estar en posesión do carné de manipuladores/as de alimentos e a súa formación estará a cargo da empresa de catering que é a responsable da súa contratación.

Son funcións das monitoras :

- Estimular e favorecer no alumnado a adquisición de hábitos correctos de hixiene, alimentación e comportamento no comedor.
- Fomentar actitudes para conseguir unha boa educación na mesa: como deben sentar, cando levantarse...
- Fomentar o respecto entre os comensais.

- Vixiar aos nenos/as no tempo de hixiene, no tempo de permanencia no comedor e no tempo de lecer.
- Acompañar en todo momento aos alumnos/as usuarios/as de comedor e fomentar un correcto uso das instalacións do centro para a realización das actividades que se programen.
- Educar aos comensais nas normas básicas de comportamento na mesa: mastigar coa boca pechada, evitar facer ruído.
- Sinalar as zonas do patio que se vaian a utilizar nas actividades de lecer e marcar as directrices de utilización deses espazos.
- Informar á directora do centro de todas as cuestións que afecten ao funcionamento do servizo, así como das incidencias que xurdan durante o desenvolvemento do mesmo.

A Directora do centro comunicará á Consellería competente calquera irregularidade da que teña constancia na execución do servizo de comedor para instar á empresa a que corrixa as deficiencias no menor tempo posible.

En canto á vixilancia e coidado do alumnado seguiranse as seguintes disposicións:

- Durante a comida as coidadoras de comedor servirán ao alumnado na vaixela disposta pola empresa adxudicataria para tal fin. Vixiarán que a comida se faga en orde e atendendo ao disposto nas normas deste regulamento.
- Para unha mellor organización do servizo, atenderase e servirase primeiro ao alumnado de Educación Infantil e cursos inferiores de Educación Primaria, mentres os máis grandes, se fose necesario, esperan no patio cuberto baixo a atención e supervisión das monitoras que non estean a servir as mesas.
- Antes de comer e ata o momento da recollida polos pais/nais e/ou titores/as autorizados o alumnado disporá de tempo libre de lecer no patio de primaria, sempre baixo a vixilancia das monitoras de comedor.
- En ningún caso se administrará medicamento aos rapaces. En caso necesario, facilitarase a asistencia de pais/nais/titores legais acreditados para a toma de ese

medicamento. Debe ser comunicado previamente á dirección do centro.

8.- REGULAMENTO DE ACTUACIÓNS

8.1.- DEREITOS E DEBERES

Os dereitos e deberes dos alumnos /as comensais son os mesmos que figuran nas Normas de convivencia, organización e funcionamento do centro (Lei 4/2011 do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa, na que se regulan os dereitos e deberes dos pais/nais do alumnado, do propio alumnado, do profesorado e do persoal non docente).

O incumprimento das normas notificarase aos pais/nais ou titores/as legais do alumnado e , de persistir na mesma actitude, sancionarase coa privación temporal ou definitiva do uso do comedor.

8.2.- MENÚS

Servirase un menú cada día. Este menú será o mesmo para cada neno, agás nos casos de alerxias ou enfermidades que requiran unha dieta especial. Para estes casos é preciso que os pais/nais avisen á Dirección do centro aportando os informes médicos pertinentes.

No caso de non poder comer algún alimento ou de ter que seguir unha dieta determinada deberase traer un certificado médico que así o acredite.

Informarase trimestralmente aos pais/nais dos menús que se van a servir. Esta información será transmitida as familias a través da páxina web do centro.

As familias deberán comunicar antes das 09:45 h no centro escolar a ausencia ou asistencia puntual dos comensais non habituais a fin de establecer unha correcta planificación dos menús.

RELACIÓN DE MENÚS

Segundo figura no prego de cláusulas administrativas que a Consellaría fixo chegar ao centro, **“Os alimentos prepararanse cocidos, á prancha ou ao forno. Os peixes serán servidos sen escamas e sen espiñas”.**

Na sobremesa a froita enteira de tempada será servida en condicións normais de consumo (nin extremadamente verde, nin extremadamente madura) e non poderá servirse

o mesmo tipo de froita enteira máis de dúas veces por semana.

8.3.- HIXIENE E SEGURANZA

“ En todos os comedores escolares existentes nos centros docentes públicos(...) deberán cumprirse os requisitos de control de calidade esixidos pola normativa vixente en materia de hixiene na produción e comercialización dos produtos alimenticios, e na elaboración distribución e comercio das comidas preparadas”- artigo 18 do Decreto 132/2013 do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería con competencias en materia de educación.

Para asegurar as boas prácticas na recepción, mantemento e servizo das comidas preparadas a empresa de catering elaborou un manual de autocontrol no que se detalla o procedemento de recepción, mantemento e servizo das comidas subministradas en liña quente. Contempla, ademais, as disposicións referentes á recollida de enseres e retirada de residuos, limpeza das instalacións e control da auga.

Condições hixiénico-sanitarias da elaboración, transporte e manipulación dos menús:

- Os menús son elaborados nas cociñas centrais de Jardanay conforme á normativa hixiénico sanitaria vixente e trasladados en quente, en recipientes de aceiro inox dentro de contenedores isoterms, mantendo unha temperatura constante non inferior a 65° C. Os pratos fríos se manteñen en cámaras frigoríficas ata o momento do seu traslado en contenedores isoterms a unha temperatura non inferior a 8°C. Cando os menús chegan ao centro a encargada do comedor comproba a temperatura dos contenedores e as anota nunha folla de rexistro. Se hai algunha incidencia o comunica á persoa responsable do centro (Directora) quen tomará as decisións oportunas sobre a aceptación ou non da comida dependendo de si supón ou non risco para a saúde dos comensais.
- Finalizado o xantar, os restos da comida e os enseres utilizados se depositan en contenedores destinados a tal fin.
- Para garantir a potabilidade da auga a empresa colocou unha fonte dentro do comedor.
- A persoa adxudicataria reservará e conservará cada día unha pequena cantidade de cada comida servida, nas condicións técnicas axeitadas, durante 72 horas, coa



finalidade de poder analizala con prontitude se apareceran problemas de intoxicación alimentaria.

- Normas de hixiene a cumprir polo alumnado de comedor :
 - Aseo persoal, especialmente das mans antes de xantar e despois de ir ao lavabo.
 - Correcto emprego e manipulación dos utensilios de comer.
 - Correcto control postural.
 - Coidado e correcto uso da menaxe e das instalacións do comedor escolar.

8.4.- NORMAS DE CONVIVENCIA NO COMEDOR

En canto a hixiene:

- Todos os usuarios/as garantirán a hixiene e a desinfección mediante o lavado de mans antes de entrar no comedor.
- Esta desinfección realizarase ao comezo de cada servizo e tantas veces ao longo do mesmo como as monitoras consideren necesario.
- Ningún usuario/a pode levantarse do sitio sen o permiso das monitoras.
- Poñerase especial coidado na correcta utilización dos cubertos, así como no uso da pano.
- Non se pode tirar auga, pan ou restos de comida ao chan nin a outros compañeiros.

En canto á alimentación:

- Acostumarse a comer e probar de todo de xeito equilibrado.
- Intentar acabar a comida do prato.
- Comer mastigando pouco a pouco e coa boca pechada.

En canto á organización e comportamento:

- Entrar no comedor de forma ordenada, sen correr e sen berrar.



- Cada alumno/a ocupará o seu sitio no seu grupo de comedor, sen poder cambiar de lugar por iniciativa propia, senón por indicación do persoal de vixilancia.
- Os rapaces sentaranse nos lugares que lle serán asignados polas monitoras baixo o seu criterio e procurando o bo funcionamento do comedor.
- Respectar todo o material e utensilios, sendo os rapaces responsables do seu deterioro por mal uso.
- Permanecer correctamente sentados en todo momento, sen xogar, balancearse na cadeira nin levantarse do sitio.
- O alumnado dirixirase ás encargadas de comedor con respecto, pedindo as cousas por favor e dando as grazas cando sexa oportuno.
- Para chamar ás monitoras, deberán facelo levantando a man ata ser atendidos.
- É moi importante comer nun ambiente tranquilo e relaxado, polo que nunca se dirixirán aos demais berrando, senón falando nun ton de voz axeitado.
- Non se permitirán actitudes desprezativas cara á comida que inflúan negativamente nos demais.
- O alumnado debe respectar ao persoal do comedor en todo momento, obedecerlles e seguir as súas indicacións.

En canto ao tempo de lecer:

- Mentres estean esperando para acceder ao comedor, na quenda correspondente, o alumnado estará no patio cuberto na zona asignada para o recreo.
- Non se permite a práctica de xogos perigosos, entendéndose aqueles que poidan por en perigo a integridade física dun mesmo e do resto do alumnado.
- Estarán SEMPRE acompañados dunha monitora. En ningún momento haberá nenos/as sos no patio. A monitora estará sempre presente independentemente da idade do rapaz.
- Ningún neno/a poderá saír ao patio sen permiso nin sen compañía da monitora.

- Mentres permanezan no patio ningún alumno/a poderá acceder ás aulas e corredores do centro agás que teñan autorización do persoal de vixilancia para ir ao aseo.
- O alumnado deberá respectar o uso dos servizos igual que o fai en horario escolar.
- Os alumnos/as que non cumpran as normas serán sancionados polas monitoras que se encargan da vixilancia e coidado dos mesmos, quedando, por exemplo, despois de comer, sen saír ao patio. En caso de faltas máis graves, de desobediencia ás indicacións das monitoras ou de respecto cara elas ou o resto dos compañeiros serán levados a Dirección onde permanecerán ata o momento da recollida.
- O centro proporcionará á familias, a través das monitoras, información sobre a actitude e o comportamento fronte á comida dos alumnos/as no comedor.

8.5.- QUENDAS DO COMEDOR

O horario de comedor abrangue dende a finalización do horario lectivo, 14:00 h, ata as 16:00 h, agás para o alumando de EI que entra ás 13:55, tal e como se quedou coas monitoras, para unha mellor atención á hora de sentalos e servir o primeiro prato. Para garantir reducir o aforo no comedor e unha mellor xestión e atención dos usuarios establécense dúas quendas os días que se necesiten:

- 1ª quenda: 13:50 a 14:55, alumnado de Educación Infantil e de 1º a 4º de EP
- 2ª quenda: 15:00 a 16:00, 5º e 6º de EP

8.6.- RECOLLIDA DO ALUMNADO

O horario de comedor abrangue dende a finalización do horario lectivo, 14:00 h, ata as 16:00 h. Non obstante, a fin de facilitar a recollida do alumnado por parte das familias, a porta do comedor abrírase ás 15:50 h, momento en que os alumnos/as regresan dos patios coas monitoras e recollen as súas pertenzas para marcharse.

Non se entregarán nenos/as antes desa hora agás en días puntuais e por causas debidamente xustificadas ante a Dirección do centro. As familias que teñan dita autorización deberán axustarse as seguintes quendas:

- Autorización para as 15:00 horas: a porta abrírase desde esa hora ata as 15:05

- Autorización para as 15:30 horas: a porta abrírase desde esa hora ata as 15:35

En caso de atrasos na recollida, debido a imprevistos, deberá comunicarse ás monitoras ou chamar ao centro para avisar desa circunstancia.

9.- ATRIBUCIÓN

9.1.- CONSELLO ESCOLAR

Ao Consello Escolar do Centro correspóndelle a organización, administración e xestión do comedor escolar. As súas funcións son, entre outras :

- A aprobación do protocolo de funcionamento e programación anual do comedor escolar, que formará parte da Programación Xeral Anual.
- A selección e admisión de usuarios do servizo de comedor

A selección e admisión de usuarios do servizo de comedor farase de acordo co procedemento que se determina na normativa que desenvolve o Decreto 132/2013 do 1 de agosto. Segundo esta normativa durante os meses de xuño e xullo os centros educativos reunirán todas as solicitudes de comedor e as baremarán de acordo coa seguinte orde de preferencia:

- 1.- Alumnado usuario do servizo de comedor no curso escolar anterior, salvo que variase substancialmente o criterio polo cal foi admitido.
- 2.- Alumnos en situación de exclusión social (acreditar coa certificación de Servizos Sociais do concello).
- 3.- Alumnado con discapacidade igual ou superior ao 33% (acreditación da discapacidade polo órgano competente)
- 4.- Alumnado membro de familias numerosas (acreditado co correspondente título).
- 5.- Conciliación familiar e laboral (acreditar co certificado de empresa a incompatibilidade dos seus horarios laborais co horario de saída do centro ao mediodía).
- 6.- Alumnado escolarizado fóra da área de influencia.

En caso de empate, estes se resolverían atendendo aos seguintes criterios:

1.- Familias con rendas anuais per cápita inferiores a 7000 euros

2.- Familias con irmáns e irmás escolarizados no centro que xa foran usuarios/as de comedor o ano anterior.

3.- Desempate pola letra do 1º apelido que resulte do sorteo público a realizar cada ano no meso de xuño.

O alumnado escolarizado fóra da súa área de influencia non terá dereito ao comedor escolar (Disposición adicional primeira do Decreto 132/2013 do 1 de agosto) agás que a Consellería competente o autorice.

Pagamento de prezos públicos:

O pagamento satisfarase entre o 1 e o 20 do mes seguinte ao da prestación do servizo.

O importe resultará de multiplicar os prezos correspondentes polo número efectivo de días de uso do comedor cada mes. Os usuarios deberán comunicarlle aos centros de ensino os días que non vaian a facer uso do comedor cunha antelación mínima dun día.

Consecuencias da falta de pagamento dos prezos públicos:

A falta de abono do importe do servizo por parte dos usuarios será causa de perda de praza no comedor por acordo do Consello Escolar do Centro. O incumprimento do pagamento impedirá a utilización ao mes seguinte do comedor escolar, mentres non se proceda á oportuna regularización para a cal contarase cun prazo máximo de 2 meses.

9.2.- DIRECTOR/A DO CENTRO

Segundo a instrución 3/2023 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria son funcións do Director/a do centro " as tarefas sinaladas no artigo 11.2 da Orde de 21/02/2007 requiríndose para o efecto a súa presenza no comedor".

O Director/a elaborará o protocolo de funcionamento do comedor escolar como parte da PXA e supervisará e organizará o seu funcionamento. Permanecera no centro desde as 14:00 h ata as 16:00 h tal e como se establece na normativa vixente e mentres non sexa de aplicación calquera outra normativa posterior. Para realizar as súas funcións contará coa colaboración das coidadoras de comedor e coa supervisión do Consello Escolar.



O Director/a pode delegar a súa presenza no comedor noutro membro do Claustro.

10.- AVALIACIÓN

O Consello Escolar aprobará, se procede, o presente protocolo e as actuacións previstas no mesmo conforme á lexislación vixente. Igualmente avaliará trimestralmente o funcionamento do servizo de comedor na procura da súa mellora.

Na memoria final de curso incluírase a avaliación sobre o funcionamento do servizo do comedor escolar segundo o aprobado nesta Programación Xeral Anual.

Narón, 2 de outubro de 2023

M^a del Carmen Loureiro Rodríguez

Directora

(sinatura dixital)